



## CEIP PLURILINGÜE DE SIGÜEIRO

### LIBROS DE TEXTO: FONDO SOLIDARIO E AXUDAS PARA LIBROS E MATERIAL ESCOLAR PARA O CURSO 2020/21

Hoxe martes, 19 de maio publicouse no DOG a orde do 12 de maio que regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar para o alumnado (código do procedemento ED330B)

Esta orde contempla dúas modalidades de gratuidade dos libros de texto:

- a. Participación no **fondo solidario de libros de texto, no noso centro para o alumnado que actualmente cursa 2º e 3º de educación primaria** (asignaranse os libros por orde inversa á renda per cápita da unidade familiar). **Tamén para o alumnado de 6º de Primaria, que pasa para o instituto.**
- b. **Axudas para mercar os libros de texto nos cursos de 1º e 2º** (210 € para rendas percápitas iguais ou inferiores a 6.000 € e 140 € para rendas entre 6.000 e 10.000 €).

Ademais refírese ás **axudas para adquirir material escolar para toda a educación primaria**, serán 50 € para rendas iguais ou inferiores a 6.000 €.

### SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse preferiblemente por **vía electrónica** no formulario (anexo I) dispoñible na aplicación Fondolibros (<https://www.edu.xunta.gal/fondolibros>) a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>. **Opcionalmente poderanse presentar presencialmente no colexio (alumnado de 6º no instituto)**, ben sexa a solicitude previamente cuberta na aplicación Fondolibros e impresa, ou ben sexa cuberta de xeito manual. Utilizarase o formulario normalizado, **anexo I**, dispoñible na páxina web do centro, na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal> ou no portal educativo, <http://www.edu.xunta.gal>. Cada familia presentará unha **única solicitude para todas as modalidades (fondo, axudas e material) e para todos os fillos** e deberá estar asinada polo pai, nai, titor/a ou representante legal do alumno/a. **O prazo para presentar as solicitudes remataá o día 19 de xuño de 2020.**

### DOCUMENTACIÓN

- **Anexo I (solicitude) e Anexo II** (comprobación de datos dos membros computables das unidade familiar a 31 de decembro de 2018. No caso de opoñerse a esta consulta deberán entregar outra documentación complementaria)
- **Copia do libro de familia** ou documento acreditativo do número de membros computables. En caso de separación deberán achegar sentenza xudicial ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia
- Calquera outra documentación acreditativa de situacións concretas: discapacidade, violencia de xénero...

Sigüeiro, 19 de maio de 2020

### CÁLCULO DA RENDA PER CÁPITA

A renda per cápita é o resultado de dividir a renda da unidade familiar do 2018 entre o número de membros computables. Hai que sumar as rendas de cada un dos membros computables da familia; se presentaron declaración, sumárase o recadro 435 máis o 460, se non se presentou teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.